



ÁMBITOS INCLUSIVOS DE APRENDIZAJE: "EN TUI XOGAMOS TODOS E TODAS"



MESTRA: María José Rodríguez Alegre

ÁMBITOS DE APRENDIZAXE INCLUSIVOS: Ámbito Creavusual

CONTEXTO: 4º, 5, 6º de educación infantil

CURSO: 2023/2024



1. IDENTIFICACIÓN

TÍTULO DA TAREFA:	EN TUI XOGAMOS TODOS E TODAS		
ETAPA:	Educación Infantil	NIVEL:	4º, 5º e 6º Educación Infantil
ÁREAS:	Comunicación e representación da realidade Crecemento en harmonía Descubrimento e exploración da contorna	PROFESORADO:	María José Rodríguez Alegre Tódalas especialistas que rotaron polo ámbito.
DESCRIPCIÓN:			
<p>O noso produto relevante será un vídeo breve no que reivindicaremos a eliminación de barreiras arquitectónicas na contorna do noso colexio e a instalación dunha randeira adaptada a persoas con mobilidade reducida no noso patio e na alameda de Tui. Este produto final terá como eixo o obxectivo de desenvolvemento sostible número 10: redución das desigualdades. Este vídeo proxectarase no noso IV Congreso #ODS2030.</p> <p>A lingua vehicular será a lingua inglesa utilizando a lingua galega e castelá como apoio cando así o precise o alumnado.</p> <p>Nesta primeira tarefa descubriremos que:</p> <ul style="list-style-type: none">• Hai persoas con distintas capacidades.• Como persoas con discapacidades físicas se expresan artisticamente.• A existencia de barreiras arquitectónicas que rodean a nosa escola.• A necesidade dunha randeira adaptada a nenos e nenas con mobilidade reducida na nosa escola e no concello.			
XUSTIFICACIÓN:			
<p>Ó nivel legislativo, un dos obxectivos principais do Proxecto Educativo do centro é facilitar os recursos necesarios para alcanzar unha inclusión respectuosa coas individualidades de cada alumno o alumna e enriquecedora para todo o colectivo escolar. A este obxectivo hai que engadir o feito de que entre a ampla diversidade de capacidades do noso alumnado, atópase un alumno con mobilidade reducida. Por outra banda, no Consello dos nenos e nenas da escola, un dos representantes do alumnado reclama a necesidade dunha randeira adaptada. Todos estes factores fundamentan a necesidade do noso produto final.</p>			
CONTEXTO:			
Aula de Educación Infantil			

2. CONCRECIÓN CURRICULAR

ACTIVIDADES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN / OBXECTIVO	INSTRUMENTO E PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN
<p>“Percoremos Tui en cadeira de rodas” Motivación inicial. Primeiro martes</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CA1.3. Mostrar aceptación e respecto polo propio corpo e polo das demais persoas, mellorando progresivamente no seu coñecemento e recoñecendo as súas limitacións. • CA4.4. Desenvolver condutas e situacións baseadas no respecto, na empatía, na igualdade de xénero e no respecto aos dereitos humanos, a través do xogo de imitación. 	<p>- Escala de valoración</p> <p>- Rexistro da observación directa</p>
<p>“Na busca de obstáculos” Primeiro martes</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CA4.7. Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva propoñendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas. • CA1.6. Describir e representar graficamente a súa situación con relación aos obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico básico. 	
<p>“Challenge artístico” Segundo lunes</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CA1.3. Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo. • CA1.7. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade. • CA2.5. Utilizar diferentes estratexias para a toma de decisións con progresiva autonomía afrontando o proceso de creación de solucións orixinais en resposta aos retos que se lle presenten. 	
<p>“Deseño dunha randeeira” Segundo martes</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CA7.2. Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo. • CA4.6. Participar activamente en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais que regulan a convivencia e promoven valores como o respecto á diversidade e o trato non discriminatorio cara ás persoas. 	

- | | | |
|--|--|--|
| | <ul style="list-style-type: none">• CA2.2. Xestionar situacións, dificultades, retos ou problemas planificando secuencias de actividades, mostrando interese e iniciativa e colaborando cos seus iguais. | |
|--|--|--|

CONTIDOS ESPECÍFICOS DA TAREFA

- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.
- Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais.
- Descubrimento e recoñecemento do propio corpo, da propia imaxe e a das persoas da súa contorna. Identificación e respecto das diferenzas.
- Achegamento á diversidade funcional e ás súas implicacións na vida cotiá.
- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.
- Identificación das noións topográficas básicas no plano.

3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (1)

ACTIVIDADES	EXERCICIO 1	EXERCICIO 2	EXERCICIO 3	EXERCICIO 4
<p>1. Percorremos Tui en cadeira de rodas</p>	<p>1.1 Sorpresa! Que hai debaixo da tea?</p> <p>O alumnado atopará no medio da aula un obxecto que está tapado cunha tea. A mestra irá mostrando pequenas partes do obxecto: unha roda, o manillar...</p> <p>En gran grupo o alumnado hipotetizará sobre de que obxecto se trata.</p>	<p>1.2 Círculo</p> <p>Para que serve unha cadeira de rodas?</p> <p>Coñecemos algún compañeiro/a que a necesite?</p>	<p>1.3 Como de difícil é pasear pola contorna da nosa escola cunha cadeira de rodas?</p> <p>O alumnado agrupado en equipos cooperativos deberá consensuar o grado de dificultade que pode ter pasear cunha cadeira de rodas.</p> <p>Para esta actividade o alumnado utilizará un soporte creado pola mestra, onde deberán situar nunha escala su opinión como equipo.</p> <p>O soporte atopase na lingua inglesa.</p>	<p>1.4 Percorremos a contorna da escola cunha cadeira de rodas</p> <p>Para esta actividade o alumnado turnarase no uso da cadeira e na rúa a mestra dirixirá a atención dos nenos e nenas nas diferentes barreiras arquitectónicas.</p>
<p>2. Na busca de obstáculos</p>	<p>2.1 Círculo</p> <p>Que é un plano?</p> <p>Para que serve?</p>	<p>2.2 Na busca da barreira</p> <p>O alumnado en grupos cooperativos e guiados pola mestra e o seu apoio, identificará as barreiras</p>	<p>2.3 Círculo</p> <p>En gran grupo os diferentes equipos compararán os planos</p>	

	<p>Que é unha barreira arquitectónica?</p> <p>A mestra presentará ao alumnado un plano da contorna da escola e invitaralles a pasear pola contorna para atopar barreiras arquitectónicas.</p>	arquitectónicas e marcaranas no plano.	e propoñerán solucións para as barreiras arquitectónicas.	
3. Challenge artístico	<p>3.1 Círculo Pintar sen as mans?</p> <p>Preséntase ao alumnado o reto de debuxar/pintar sen utilizar as mans.</p> <p>Nun Bubble map, por equipos cooperativos o alumnado presentará as distintas opcións.</p> <p>Para completar o Bubble map o alumnado terá a posibilidade de escoller o formato: o debuxo, a escritura e pictogramas.</p>	<p>3.2 O que che salga do corpo</p> <p>O alumnado experimentará coas distintas partes do seu corpo para crear a súa obra artística.</p>	<p>3.3 Círculo. Antes pensaba, agora penso</p> <p>En gran grupo o alumnado reflexionará sobre a dificultade de pintar sen usar as mans.</p> <p>Utilizarase a rutina de pensamento “antes pensaba, agora penso” para focalizar a atención do alumnado sobre o grado de dificultade da actividade.</p>	<p>3.4 Arte e diversidade</p> <p>En gran grupo o alumnado verá un vídeo no que aparecen dous artistas que pintan coa boca e o pé.</p>
4. Deseño dunha randeeira	<p>4.1 Círculo. Un patio para todos e todas</p> <p>No patio da escola, farase un círculo onde o alumnado reflexionará sobre a accesibilidade da randeeira.</p>	<p>4.2 Deseñamos unha randeeira</p> <p>O alumnado agrupado en equipos cooperativos e a través da estrutura cooperativa 1/2/4 deseñará unha randeeira adaptada a nenos e nenas con mobilidade reducida.</p>		

4. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (2)

ACTIVIDADES	ESCENARIO	AGRUPAMENTO	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
Percorremos Tui en cadeira de rodas	A contorna do centro escolar Aula de Educación Infantil	Gran grupo	Panel Scrum Unha cadeira de rodas Soporte graduación dificultade	Martes 9:30/10:50
Na busca de obstáculos	A contorna do centro escolar Aula de Educación Infantil	Gran grupo Equipo 4 nenos/as	Panel Scrum Plano contorna da escola Unha cadeira de rodas	Xoves 9:30/10:50
Challenge artístico	Aula de Educación Infantil	Gran grupo	Panel Scrum Bubble map Diferentes materiais funxibles Vídeo https://www.youtube.com/watch?v=cZHVJP0ynPI	Martes 9:30/10:50
Deseño dunha randeeira	O patio da escola Aula de Educación Infantil	Gran grupo Equipo 4 nenos/as	Panel Scrum Diferentes materiais funxibles	Xoves 9:30/10:50

5. AVALIACIÓN

ASPECTOS A AVALIAR	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN
ENSINANZA-APRENDIZAXE (ALUMNADO)	<ul style="list-style-type: none"> - Escala de valoración - Rexistro da observación directa 	<p>Como? Mediante observación directa e sistemática.</p> <p>Quen? A mestra coordinadora do ámbito e as especialistas que interveñen.</p> <p>Cando? Ao remate de cada sesión de ámbito a titora e a especialista fan unha posta en común. Esta información será compartida coas compañeiras do equipo de ciclo co obxectivo de coñecer a evolución do alumnado e o seu avance nos diferentes ámbitos.</p>
PRÁCTICA DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> - Ficha de recollida de información <p>https://docs.google.com/presentation/d/1Qh9sZSdFAyD3VZeKO9GPfP0r01XR1sMa/edit#slide=id.g1ea519a1f17_0_18</p>	<p>Como? Cumprimentando a ficha.</p> <p>Quen? A mestra coordinadora do ámbito e as especialistas que interveñen.</p> <p>Cando? Ao remate de cada sesión de ámbito a titora e a especialista fan unha posta en común. Esta información será compartida coas compañeiras do equipo de ciclo co obxectivo de mellorar e enriquecer a práctica educativa.</p>